



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTESETE DE MAIO DE DOUS MIL DEZ.

NÚM. 05/2010

<p><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p><u>ALCALDE-PRESIDENTE</u> D. José María García Rivera.</p> <p><u>CONCELLEIROS</u> D^a Rosa Alonso Rodríguez. D. Pedro M. Fernández Marful. D. Ramón Sixto Legaspi. D^a Ana A. Incera Ares. D. Xaime Cancio Rodríguez. D. José Luis Sánchez García. D. Pedro José Fernández Manín. D. José María Basanta Morán. D^a Verísima Eiroa Couto. D. Xoán Carlos González Basanta. D. Balbino Fernández López. D^a. María Xosefa Alonso Otero.</p> <p><u>INTERVENTOR</u> D. Luis Ramón Vázquez Parga.</p> <p><u>SECRETARIA</u> D. M^a Carmen Seoane Bouzas.</p>	<p>No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Foz, sendo as 20:30 horas do día vinteseite de maio de 2010, baixo a presidencia de D. José María García Rivera, e asistido pola secretaria da Corporación, D^a M^a del Carmen Seoane Bouzas, que da fe do acto, e o interventor municipal D. Luis Ramón Vázquez Parga, se reúnen os Srs. Concelleiros relacionados, membros todos do Pleno, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, e de acordo co seguinte orde do día.</p>
--	--

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 29-04-10.-

Pola Presidencia se pregunta aos membros presentes do Pleno se teñen que formular algunha observación á acta da sesión celebrada o 29 de abril de 2010 e que foi oportunamente distribuída coa convocatoria.

A continuación o portavoz do PP manifesta que na páxina 11, no rogo 1, se debe corrixir “quitalos” por “tapalos”. E no rogo 3 hai que engadir “de Cordido” e a resposta debe ser en lugar de “O Sr. Alcalde lle di que está cedido a Costas” “O Sr. Alcalde lle di que xa se arranxará”.

O portavoz do BNG manifesta que quere corrixir un erro de transcripción na páxina 13, na pregunta 1, que en lugar de “quitar” debe figurar “pintar”.

Unha vez feitas as correccións sinaladas, queda aprobada por unanimidade dos membros presentes a acta da citada sesión, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

2.- MODIFICACIÓN ORDENANZA DE PUBLICIDADE EXTERIOR.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 20 de maio de 2010, sobre a modificación da ordenanza de publicidade exterior.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Non habendo intervencións se somete o asunto a votación, co seguinte resultado:

- Votos a favor: 10 (6 PSOE e 4 PP).
- Votos en contra: ningún.
- Abstencións: 3 (BNG).

Resultando aprobado o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar con carácter provisional a modificación da Ordenanza de Publicidade Exterior, consistindo en engadir o apartado f) ao artigo 6, quedando redactados os artigos modificados do seguinte xeito:

ORDENANZA DE PUBLICIDADE EXTERIOR.

Artigo 6. - Tipos de localizacións permitidas

1. Soamente se permitirá a instalación de "Carteleiras" ou "Paneis publicitarios", en chan urbano, nos seguintes tipos de localización:

- a) Soares que contén polo menos unha extensión de 714 metros cadrados
- b) Valla de calquera tipo de obras, sempre que se atopen instaladas legalmente e durante o prazo de validez da licenza correspondente.
- c) Estruturas que constitúan o andamiaxe de obras parciais de fachadas.
- d) Nas medianeiras dos edificios que non deban ter tratamento arquitectónico similar ao da súa fachada.
- e) En lugares previamente preparados para este uso polo Concello de Foz.

f) En todo caso terá que haber unha distancia superior a 10 metros dende o eixo da calzada ata a instalación publicitaria no caso de localizarse esta na Travesía de Foz, antiga N642, no tramo comprendido entre a Rotonda de Vilaxoane e a Rotonda do Descanso en Fazouro, coa excepción de que se trate de publicidade sobre campañas ou actuacións que se determinen polo Concello como de interese xeral para os cidadáns do municipio.

Segundo.- Someter dita modificación da Ordenanza de Publicidade Exterior a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no *Boletín Oficial da Provincia* e Taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que podan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de Acordo expreso polo Pleno. O Acordo de aprobación definitiva expreso ou tácito da modificación da Ordenanza, co texto íntegro da mesma, publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e no *Boletín Oficial da Provincia*, tal e como dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

3.- MOCIÓN DO PP SOBRE A REFORMULACIÓN DO PACTO TERRITORIAL POLO EMPREGO DA MARIÑA.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 20 de maio de 2010, sobre a moción do PP sobre a reformulación do Pacto Territorial polo Emprego da Mariña.

O portavoz do BNG explica que o seu grupo se vai abster porque por unha parte, pola falla de responsabilidade da Xunta, xa que non sabe o que vai facer, e realmente o que teñen que facer é crear emprego. Por outra parte, a taxa intermensual de emprego en Galicia foi maior que no resto de España, un 27% fronte a un 24%. A taxa de paro o primeiro trimestre ascendeu a un 15,4 %, polo que lle din ao PP que se poña xa a crear emprego.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

O portavoz do PP lle replica que nese pacto xa estaba o BNG e o Goberno anterior non creou ningún emprego. Do que se trata é de que se cree o emprego, iso non ten nada que ver coa moción.

O portavoz do BNG engade que o que hai que facer é non tanto aprobar mocións de instar, coma que se poñan a crear emprego e que se vexan as políticas.

Non habendo intervencións se somete o asunto a votación, co seguinte resultado:

- Votos a favor: 10 (6 PSOE e 4 PP).
- Votos en contra: ningún.
- Abstencións: 3 (BNG).

Resultando aprobado o seguinte acordo:

Primeiro.- O Concello de Foz insta á Xunta de Galicia a que continúe este servizo a partir de 31 de decembro de 2010 e reformular o Pacto Territorial de Emprego da Mariña de tal xeito que se converta nun instrumento eficaz para o impulso das políticas activas de emprego no territorio de referencia e nomeadamente, de colaboración cos Concellos na procura de creación de novos postos de traballo, intermediando coas empresas para dar o impulso ao emprego, así coma a actividade empresarial.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Presidente da Xunta de Galicia, á Consellería de Traballo e Benestar e aos Grupos Políticos con representación no Parlamento de Galicia.

4.- MOCIÓN DO PP SOBRE A ESTRADA REIRIZ-ESPIÑEIRA.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame negativo emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 20 de maio de 2010, sobre a moción do PP sobre a estrada Reiriz-Espiñeira.

Toma a palabra o portavoz do PP que di que se trouxo a moción polo anuncio que se fixo de que se ía poñer nun prazo de dous meses e iso é imposible que se faga. Ademais di que se trouxeron outras mocións, coma a da Avda. Do Vicedo, que aínda está sen acabar.

O Sr. Alcalde respóndelle, respecto á obra de O Vicedo, lle recorda que cando chegou o PP á Xunta enviou un informe de Urbanismo que prohibía a realización de dita obra por ser solo rústico, polo que non se pode facer a obra. Polo que respecta á moción que presenta o PP sobre Reiriz-Espiñeira o Sr. Alcalde lles di que non ten sentido porque o Presidente da Deputación comprometeuse con el e cos veciños de Vilaronte a facer o proxecto completo dende casa Pequenete ata Espiñeira, conexión estrada Lugo. Non se debe vir cunha contramoción de algo que o Alcalde di que se vai facer.

O portavoz do PP lle contesta que ao Sr. Alcalde que el non fixo contramoción ningunha. O 31 de xullo de 2008 o PP levou ao Pleno unha moción para que se rematase a obra da Avda. do Vicedo e non saíu adiante co voto de calidade en contra, tras unha primeira votación e unha segunda con empate. O 26 de setembro de 2009 o PP lle preguntou ao Sr. Alcalde que pasaba e dixo que faltaba a autorización do servizo de costas, que estaba en tramitación e logo comezaría a obra.

O Sr. Alcalde lle di que iso foi o que denegou a Xunta, pero xa lle dará copia.

O portavoz do BNG pregunta cando se vai comezar.

O Sr. Alcalde respóndelle que no prazo de dous meses, sobre o 25 e 30 de xullo.

O Sr. González Basanta pregunta que entón non haberá problema en aprobar a moción.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

O Sr. Alcalde di que o seu grupo non a vai a aprobar.

O portavoz do BNG pide que conste en acta que se vai comezar entre o 25 e 30 de xullo.

Rematado o debate se somete o asunto a votación, co seguinte resultado:

- Votos a favor: 4 (PP).
- Votos en contra: 6 (PSOE).
- Abstencións: 3 (BNG).

Resultando **non aprobado** o seguinte acordo:

Instar á Excm. Deputación de Lugo a que no prazo de dous meses se inicie a tramitación administrativa para a realización das obras anunciadas na totalidade da estrada Reiriz-Espiñeira.

5.- MOCIÓN DO PP SOBRE A SUBSTITUCIÓN DA LANCHA DO SERVIZO DE VIXILANCIA ADUANEIRA CON BASE NO PORTO DE RIBADEO.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 20 de maio de 2010, sobre a moción do PP sobre a substitución da lancha do servizo de vixilancia aduaneira con base no porto de Ribadeo.

Intervén o portavoz do BNG para manifestar que se trata en primeiro lugar, de un problema de funcionamento do servizo que o teñen abandonado; e en segundo lugar, é un problema de motores, xa que habería que cambiar os motores. Haberá que ter un pouco de austeridade, é principalmente de funcionamento. A continuación pide que conste en acta que o queren baleirar totalmente de contidos.

O Sr. Alcalde pide que se engada á moción “que se reparen as avarías existentes para o bo funcionamento do servizo e se cambie a lancha se é necesario”.

Estando todos de acordo, se procede á votación da moción cos cambios sinalados, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

Primeiro.- O Concello de Foz (Lugo) dirixirase ao Goberno Central para que proceda a reparar as avarías existentes para o bo funcionamento do servizo e se cambie a lancha, se é necesario, do Servizo de Vixilancia Aduaneira “Alcaraván II” con base no porto de Ribadeo (Lugo), que está a sufrir continuas avarías e acumula máis de 25 anos de antigüidade, de tal xeito que se garanta a plena operatividade deste servizo no desenvolvemento das funcións que ten atribuídas pola lexislación vixente.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Presidente do Goberno de España, á Ministra de Economía e Facenda e aos distintos Grupos Políticos do PP, PSOE e BNG representados nas Cortes Xerais.

6.- MOCIÓN DO PP SOBRE AS MEDIDAS DE RECORTES NOS DEREITOS DOS PENSIONISTAS.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 20 de maio de 2010, sobre a moción do PP sobre as medidas de recortes nos dereitos dos pensionistas.

Toma a palabra o portavoz do PP para dicir que debe ser segundo o Decreto 8/2010, se derroga o Pacto de Toledo de 1995, respaldada polos sindicatos no 96 e na Lei 24/97 se aprobou o de garantir nas pensións o subo do custo de vida.

O Sr. Alcalde lle contesta que as persoas se equivocan ás veces, pero o Goberno está para gobernar. As medidas as están tomando outros países e cando hai que apretarse o cinto o teñen que facer todos. Anuncia que o seu grupo vai votar en contra, por dous motivos, primeiro, porque se trata de unha decisión do Goberno e o van a apoiar ata o final porque é do mesmo partido; e segundo,



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

porque esperan que se aprobe. Lle recrimina que o PP ten esa política de que canto peor, mellor para o PP e pode que non de resultados porque non dan alternativas.

O Sr. Fernández Manín lle contesta que o PSOE está cansado de dicir que non ía a haber decretazos e ademais marcaban co dedo que nunca ían tocar os recortes sociais. Hai outras cousas que se podían facer como eliminar o Ministerio primeiro e quinto, fusionar Cultura e Educación, eliminar moitos altos cargos, suprimir unha vicepresidencia, antes que recortar os dereitos sociais.

O Sr. Alcalde contéstalle que en política social ao Partido Socialista non lle vai gañar ninguén. O PP tan pronto coma entrou na Xunta asinou un acordo para doar a un país sudamericano. Habería que mirar tamén os coches que tiña alí almacenados o Sr. Fraga; tamén Rajoy sacou as becas cando gobernaba o PP. Prosegue dicindo que a un pensionista non lle vai pasar nada por que non lle suba a pensión, e indica que el xa se conxelara o seu soldo. Destaca que no INE se indica que o Concello de Foz ten a débeda mais baixa de toda a Mariña, nos Municipios onde hai un goberno do PSOE hai boa xestión, mágoa que despois traten a todos igual, xa que aos gobernos que non se endeudaran había que premialos.

Intervén o portavoz do BNG que di que parece que hai moita demagogia, se acaba de aprobar o Real Decreto pero é curioso que o partido que se abstén acto seguido lle pide a dimisión a Zapatero. Explica que o gran erro é que o PSOE non tomou decisións porque se pregou ao mandato da UE e do Fondo Monetario Internacional, e quizais o PP faría o mesmo. Se trata de medidas totalmente antisociais, e se chaman Partido Socialista e fan política antisocial, por exemplo, non tocan para nada a banca, que foron realmente os que meteron a esta sociedade na crise. Manifesta que as pensións de Galicia son a terceiras mais baixas de toda España, polo que haberá cada vez mais diferencias, e todo en contra do que o PSOE levaba repetindo de que non tocarían as pensións.

O Sr. Alcalde lle contesta que eles sempre lles acompañaron e agora votaron en contra.

Lle replica o Sr. González Basanta que non, que diga toda a verdade, xa que os últimos orzamentos non os votaron a favor.

O Sr. Alcalde explica que son unhas directrices claras do Fondo Monetario Internacional de que hai que ir por aí. Zapatero non o quería tocar, pero había que facelo. Xa o IBES está crecendo, porque hai confianza. Pregunta se é mellor que lle baixen a un pensionista 10 euros ao mes ou que haxa mais problemas e que non chegara a cobrar. Indica que as medidas as hai que tomar, e as tomarán todos os países; vai vir unha dolorosa para os que mais teñen, en unhas semáns. Lle recorda os bancos que o BNG apoiou sempre, querendo facer unha gran caixa e agora ás caixas hai que rescatalas, porque chegaba calquera e se lle daba unha hipoteca e agora os bancos están cheos de patrimonio, pero non hai cartos. Conclúes dicindo que lamenta que estas medidas as teña que tomar o PSOE, pero á larga os cidadáns o agradecerán.

Contesta o Sr. González Basanta que o Estado español está moi por debaixo da media europea en gasto público e en gastos sociais. O Fondo Monetario Internacional non deixa de ser un grupo de banqueiros, cos cartos se creaba unha banca pública e agora non había ningún tipo de problema das pequenas e medianas empresas. O IBES 35 nestes meses tivo ganancias impresionantes.

O Sr. Alcalde intervén para dicir que tivo unhas turbulencias tremendas.

O portavoz do BNG lle recrimina ao Sr. Alcalde que segundo el a crise a teñen que pagar os pensionistas, hai outras medidas que se poden tomar e pon unha serie de exemplos, así o imposto de patrimonio estaba dando o mesmo que se vai recuperar coas medidas urxentes, o imposto de sucesións daba 2.000 millóns de euros, o mesmo que van a recuperar agora coa conxelación dos salarios dos empregados públicos; o imposto de sucesións significaba 3.000 millóns de recadación, e de persoas con rendas altas. Continúa dicindo que os gastos sociais no Estado español son dos mais baixos da Unión Europea, hai mais alternativas, o que pasa que o PSOE non gobernou e lle empuxaron, e ademais por decretazo, non foron o suficientemente decentes para negociar. Conclúe dicindo que o PSOE está facendo políticas de dereitas.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

O Sr. Alcalde manifesta que hai que baixar o déficit de débeda pública, estábamos na champions e está caendo. Lle di ao Sr. González Basanta que non entendeu o Decreto, o 5% que se lle vai quitar aos funcionarios queda nas arcas municipais, se trata de unha medida de solidariedade. Finaliza a intervención preguntando que vai pasar.

Lle responde o portavoz do BNG que vai descender o consumo e suporá o peche de empresas.

O Sr. Alcalde di que vai crecer a actividade. Lle recorda o plan de pensións galego que creou o Sr. Quintana, ou tamén os 400 € que deu Zapatero, co que non estaba de acordo, xa que non era unha medida correcta. Agora que hai turbulencias hai que tomar medidas fortes, hai que pensar no conxunto do país e non en un mesmo, neste país se é incapaz de facer unha fronte común, se non hai empresarios non hai empresas e sen elas non hai traballo.

Rematado o debate se somete o asunto a votación, co seguinte resultado:

- Votos a favor: 7 (PP e BNG).
- Votos en contra: 6 (PSOE).
- Abstencións: ningunha.

Resultando aprobado o seguinte acordo:

Primeiro.- Instar ao Goberno da Nación a que elimine as medidas previstas para a supresión da revalorización das pensións contributivas.

Segundo.- Solicitar que se convoque a Comisión do Pacto de Toledo de modo urgente para reanudar os traballos da mesma, a fin de que se acorden por todos os grupos as reformas que sexan necesarias para garantir a viabilidade e o futuro do noso sistema de Seguridade Social.

7.- MOCIÓN DO BNG SOBRE O APOIO ÁS INICIATIVAS EN DEFENSA DO IDIOMA GALEGO.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 20 de maio de 2010, sobre a moción do BNG sobre o apoio ás iniciativas en defensa do idioma galego.

Toma a palabra o portavoz do BNG, que explica a moción.

A continuación o portavoz do PP expresa que o seu grupo debe ser coherente co PP galego. Lle di ao Sr. González Basanta que segundo el o día da manifestación había 100.000 persoas e segundo a policía 20.000, o cal representaría o 27% de votos, polo que a maioría de galegos non a apoiaron.

O Sr. Alcalde manifesta que o seu grupo pensa que é unha riqueza ter dous idiomas, e recorda que tamén o PSOE estivo na manifestación.

Non habendo mais intervencións se somete o asunto a votación, co seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (PSOE e BNG).
- Votos en contra: 4 (PP).
- Abstencións: ningunha.

Resultando aprobado o seguinte acordo:

Primeiro.- Apoiar a manifestación convocada pola Plataforma Queremos Galego en defensa do noso idioma, que tivo lugar o pasado 17 de maio en Santiago de Compostela e cantas outras manifestacións se fagan en defensa do galego e da súa implantación social.

Segundo.- Programar desde o Concello de Foz ao longo do ano todo tipo de actividades de promoción do uso do galego na sociedade cara a súa normalización.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Terceiro.- Rexeitar as “Bases para o Decreto de Plurilingüismo” feitas públicas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e, reafirmar o compromiso municipal co consenso establecido, no ámbito do ensino, no Plano Xeral de Normalización da Lingua Galega, aprobado de xeito unánime polo Parlamento de Galiza en Setembro de 2004.

Cuarto.- Manifestar a adhesión ao texto da “Iniciativa Popular pola Garantía dos Dereitos Lingüísticos”, promovida pola Plataforma Queremos Galego.

8.- MOCIÓN DO BNG SOBRE O MENTEMENTO DA PLANTILLA DE MÉDICOS NOS MESES DE VERÁN NO CENTRO DE SAÚDE.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 20 de maio de 2010, sobre a moción do BNG sobre o mantemento da plantilla de médicos nos meses de verán no centro de saúde.

Non habendo intervencións se somete o asunto a votación, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

Instar á Consellería de Sanidade a tomar as medidas precisas e cubrir as baixas médicas que se producirán no Centro de Saúde de Foz por motivo das vacacións estivais dos seus traballadores/as, así mesmo se reclama o reforzo polo aumento da poboación na tempada estival consistente nun médico e a maiores un ATS.

9.- MOCIÓN DO BNG SOBRE OS RECORTES SOCIAIS APROBADOS POLO GOBERNO DO ESTADO.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame negativo emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 20 de maio de 2010, sobre a moción do BNG sobre os recortes sociais aprobados polo Goberno do Estado.

Toma a palabra o portavoz do BNG para dicir que o problema non é o gasto público, si non a actividade económica e hai varias formas de recortar o gasto público.

O Sr. Alcalde lle contesta que se vai a facer así.

O portavoz do BNG continúa explicando que se pode perseguir o fraude fiscal, que estamos no país con maior fraude fiscal.

O Sr. Alcalde di que tamén hai persoas paradas e que están facendo choios particulares, iso si que é fraude.

Lle contesta o Sr. González Basanta que non se pare nesas miserias e lle pregunta se sabe cantos millóns pode haber en fraudes fiscais en paraísos fiscais.

O Sr. Alcalde manifesta que os analistas cuantifican moito fraude aí. Hai grupos organizados de desestabilizadores de países, xa colleron algún en Barcelona, se trata de xente que destróza un país.

O portavoz do BNG insiste que con esas medidas non se fai.

O Sr. Alcalde engade que iso está tremendamente mal, pero haberá que dar confianza e tranquilidade.

O portavoz do PP anuncia que o seu grupo non está de acordo en suprimir as Deputacións, polo que votarán a favor si se quita o da Xunta e o das Deputacións.

Non habendo mais intervencións se somete o asunto a votación, co seguinte resultado:

- Votos a favor: 3 (BNG).



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

- Votos en contra: 6 (PSOE).
- Abstencións: 4 (PP).

Non resultando aprobado o seguinte acordo:

Primeiro.- Instar ao Goberno do Estado a retirar de xeito inmediato o Decreto aprobado o 20 de maio polo Consello de Ministros, que contén os recortes nas pensións públicas, nos dereitos dos dependentes, a baixada dos salarios dos funcionarios, entre outras.

Segundo.- Instar ao Goberno do Estado a que leve a cabo as seguintes medidas:

a) Impulsar medidas que fomenten a austeridade do gasto público vinculado á racionalización administrativa no Estado: supresión de Ministerios con competencias cedidas ás CCAA, redución do papel da Administración periférica do Estado e supresión das Deputacións Provinciais.

b) Acometer unha estratexia de redución do gasto militar, especialmente en gasto corrente e nos derivados da presenza en misións no estranxeiro.

c) Levar a cabo unha reforma fiscal que acentúe o carácter progresivo do sistema, recollendo as seguintes medidas: introdución dun novo tramo no IRPF para as rendas máis altas, dotar de maior progresividade á tributación das rendas do aforro, restaurar o imposto sobre o Patrimonio e modificar o estatus xurídico das sociedades de investimento colectivo (SICAV). Así mesmo, impulsar un ambicioso plan de loita contra o fraude e a evasión fiscal.

d) Impulsar, no marco da Presidencia da UE, unha maior regulación dos mercados financeiros e a introdución dun imposto que grave os movementos especulativos de capital.

e) Garantir e reforzar os servizos públicos, as pensións e o resto de prestacións públicas.

f) Levar a cabo políticas activas na loita contra o paro.

Terceiro.- Instar á Xunta de Galicia a:

a) Abandonar a súa política de destrución e privatización dos servizos públicos.

b) Adoptar medidas efectivas na loita contra a crise e o desemprego.

10.- MOCIÓN DO BNG SOBRE IMPULSO Á SANIDADE DE ATENCIÓN PRIMARIA NA MARIÑA DESENVOLVENDO O PLANO DE MELLORA 2007-2011.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 20 de maio de 2010, sobre a moción do BNG sobre o impulso á sanidade de atención primaria na Mariña desenvolvendo o plano de mellora 2007-2011.

Toma a palabra o portavoz do BNG que explica a moción.

O Sr. Alcalde manifesta que, precisamente, non houbo gobernante en España que atendera mais e mellor o gasto social, e aí está a Lei da Dependencia; prosegue dicindo que o gasto social non se toca, non hai que confundir conxelar as pensións con recortalas; o cheque bebé se retira o 31 de decembro. Por outra banda, en España a cantidade de emigrantes que mandan diñeiro ao estranxeiro é enorme, aínda que tamén tiveron que vir porque ninguén quería traballar en determinados postos.

O portavoz do PP manifesta que o Decreto que se aprobou hoxe, no art. 3 suprime a retroactividade do cobro da dependencia, polo tanto a toca.

Non habendo mais intervencións se somete o asunto a votación, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Solicitar da Xunta de Galicia que cumpra os compromisos adquiridos co noso Concello recollidos no Plan Mellora.

11.- MOCIÓN SOBRE O APOIO AOS AUTÓNOMOS DA MARIÑA.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 20 de maio de 2010, sobre a moción do BNG sobre o apoio aos autónomos da Mariña.

Toma a palabra o portavoz do BNG que explica a moción.

A continuación intervén o portavoz do PP para dicir que o seu grupo defende que onde se fomenta mais emprego é nos autónomos e na mediana empresa, polo que o seu grupo vai votar a favor.

O Sr. Alcalde di que o Goberno do Estado xa creou axudas a través da Xunta.

Toma a palabra o Sr. Fernández López, para dicir que eses créditos teñen o problema de que os bancos despois non dan diñeiro.

O Sr. Alcalde di que están avalados pola RIGAL.

Contesta o Sr. Fernández López que faltan liñas de financiación.

O Sr. Alcalde expresa que o que pasa é que non están as empresas para pedir moitos créditos, estarán as empresas que estiveron sempre e caerán as que non eran empresas.

O Sr. Fernández López di que si, pero que hai algunhas grandes que van pechar.

O Sr. Alcalde manifesta que o que queren é crear confianza.

Responde o Sr. Fernández López, que con esa liña o BNG tamén quere xerar confianza.

Concluído o debate se somete o asunto a votación, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia a que poña en marcha un Plano de Apoio aos Autónomos da Mariña, creando dentro do IGAPE liñas específicas de financiamento para circulante e reestructuración de pasivos que permita o acceso dos mesmos ao crédito.

A continuación se introduce por vía de urxencia o seguinte asunto:

12.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 10/2010.

O Sr. Alcalde explica que urxe contar co mesmo crédito, polo menos, que había o ano pasado para conceder as axudas.

Se procede á votación da urxencia resultando aceptada por unanimidade dos membros do Pleno.

O Sr. Alcalde explica o asunto e propón que se reúnan e se mire se hai que facer mais abanico.

Non habendo intervencións se somete o asunto a votación, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar con carácter inicial o expediente número 10 de modificación do Orzamento Xeral prorrogado de 2010 por importe de cinco mil euros (5.000,00 €), que se financia co saldo do remanente de tesourería de libre disposición que provén da liquidación do orzamento do exercicio



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

precedente, de acordo coa seguinte táboa:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO.

PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
313.48901	ACCIÓN SOCIAL. AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL	0,00	5.000,00	5.000,00
Total expediente de modificación de créditos 10/2010				5.000,00

FINANCIAMENTO DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN

CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
870.00	Remanente de Tesourería para financiar créditos extraordinarios	113.025,00	5.000,00	118.025,00
Total financiamento expediente de modificación de créditos 10/2010				5.000,00

Segundo.- O expediente impulsarase de oficio nos termos que establece a lexislación Reguladora das Facendas Locais. Así, aprobado inicialmente o expediente, exporase ao público, logo de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

Se durante este período non se presentarán alegacións polos interesados, entenderíase que a modificación de crédito foi definitivamente aprobada; no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolver as alegacións presentadas.

Aprobada definitivamente polo Pleno do Concello, dita modificación do Orzamento será publicada, resumida por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Simultaneamente a este envío, remitirase copia do expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado

13.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN:

A.- RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DITADAS DENDE O DÍA 27 DE ABRIL DE 2010 AO 20 DE MAIO DE 2010.

Aos efectos previstos no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, se da conta ao Pleno da Corporación das Resolucións ditadas pola Alcaldía-Presidencia dende o 27 de abril ao 20 de maio de 2010 e que foron postas de manifesto á Secretaria, quedando enterados os señores asistentes.

B.- MOCIÓNS.

Non se presenta ningunha moción de urxencia.

C.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS:

O portavoz do PP realiza os seguintes rogos:

1) Facía falla limpar os accesos de Vilaxoane á Basílica.

O Sr. Alcalde manifesta que se van iniciar o día 1.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

2) Di que recibiron queixas dos veciños respecto aos cans, que hai xente que os leva soltos.

3) Que se faga control ao alumeado público, que alumea moito, sobre todo no casco e nas vivendas de La Paz.

O portavoz do BNG realiza os seguintes rogos:

1) Hai uns furados na estrada que vai dende o camping ás Torres.

2) As barandas do Castro de Fazouro que están moi baixas se poden poñer un pouco mais altas.

3) En Arealonga, na parte de Nois, corre a auga e hai un derrumbe de barro e pedras no paseo.

4) Arranxar o panel informativo que arrancaron no paseo.

PREGUNTAS:

O BNG realiza as seguintes preguntas:

1) Pregunta sobre a área recreativa que se mencionara no Pleno pasado.

O Sr. Alcalde di que ninguén dixo nada. E sobre a pregunta que fixo no anterior Pleno de canto custaba pintar os pasos de ceбра lle contesta que pintar os pasos de ceбра costa 8 € /m².

O portavoz do BNG pregunta si non o podía pintar o Concello.

O Sr. Alcalde di que non hai xente para iso e se busca a máxima eficacia e rendabilidade.

2) ¿Os movementos da praia de A Rapadoira os fixo o Concello?

O Sr. Alcalde contesta que o Concello non ten diñeiro para facer iso, o fai TRAGSA a través de Costas.

E non sendo máis os asuntos a tratar, levántase a sesión cando son as 22:00 horas do día vinteseite de maio de 2010, do que como secretaria dou fe e certifico.

Vº Bº
O Alcalde,

Asdo.: José María García Rivera.